



Nº: 1182

CLUB "SAN ROSENDO"

FERROL, 12 de Mayo de 1.992.

Sr. Presidente de la
FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL
Menéndez Pelayo, 18, 2º
LA CORUNA

Muy Sr. mío:

Con el fin de proceder a la inscripción de este Club en el Registro de Clubes, Federaciones y Entidades Deportivas de Galicia, nos vemos en la necesidad de anteponer al nombre de nuestro Club, la palabra "RACING", por existir ya inscrito un Club de Baloncesto con el nombre de SAN ROSENDO, por cuya razón se remite una copia de los nuevos ESTATUTOS, aprobados por la Asamblea General del Club, y se ruega la remisión del Informe preceptivo de esa Federación, para unir al resto de la documentación que el Club debe enviar a la SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE, de A XUNTA DE GALICIA.

Aprovecha para saludarle atentamente

EL SECRETARIO,

- Manuel Serantes Lamas -

CLUB DE FUTBOL "RACING - SAN ROSENDO"

E S T A T U T O S

F E R R O L 15

E S T A T U T O S

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.— O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.— O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", practicará como principal modalidade deportiva a de Fútbol, e afiliárase á FEDERACION GALEGA DE FUTBOL, que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas Seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribir-se ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.— O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

a) Non poderá destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizos, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaránse íntegramente.

b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físico-deportivas dos seus asociados.

c) O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", poderá gravar ou enaxenera bens inmoables, tomar cartos a préstamo, e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cos seguintes requisitos:

1) Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous terciiso dos socios presentes representados na Asamblea Xeral extraordinaria.

2) Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o soliciten, como mínimo, o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3) Cando se trate de tomar cartos a préstamo, en cuantía superior á 50 % do presuposto anual, ou que represente unha porcentaxe igual ó valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requerirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.- O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doacións que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- O domicilio social fíxase en Ferrol, Local Parroquial de San Rosendo, c/ Navegantes, s/nº, Telefº 358805, debendo en caso de variación dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBLIGACIONES

Artigo 6º.- O número de socios será ilimitado; a Xunta Directiva poderá suspender, sen embargo, a admisión do novos socios, cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes Clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º.- Son socios de número tódalas personas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos, de un e outro sexo, calificaranse como socios aspirantes, tendo dereito o uso das instalacións sociais mediante a cuota que fixa a Comisión Directiva, e pasarán automáticamente a ser socios de número ó cumpri-la maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas personas ás que, a Comisión Directiva confira esta distinción, e tendrán un posto de preferencia nos actos oficiais do Club.

Son socios familiares todas aquelas personas que dependan económicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

Artigo 8º.- Primeiro: Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos do Club.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, normas de desenroló das mesmas e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer-las actividades da Asociación e examinala súa documentación, previa petición razoada da Xunta Directiva.
- e) Expoñer libremente no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible, para os Organos de representación e goberno do Club, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Segundo: Son obrigas dos socios de número:

- a) Abona-las cuotas que esixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou deportes do Club.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva, ou os membros da mesma, para o bon goberno da Sociedade.

Terceiro: Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos Servicios e instalacións sociais da Asociación.

Cuarto: Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles Servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º.- Son órganos de representación e goberno do Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º.- Primeiro: A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco, nin superior a vinte. O fronte dela haberá un Presidente, e formarán parte da mesma un Secretario e un Tesoreiro.

Segundo: O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

Terceiro: Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar, por medio do seu Presidente, a Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deben satisfacerse.

d) Redactar e reformar os Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.

e) Nomear-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades do Club.

f) Formular o inventario e balance anual, así como redactar a memoria anual da Sociedade, e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.

Artigo 13º.- Primeiro: A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia, a lo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo: A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera convocatoria previa.

Artigo 15º.- Primeiro: O Tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará, os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

Segundo: Será obrigación de Tesoreiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.- O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un período de catro anos, coincidindo con períodos Olímpicos.

Artigo 18º.- Primeiro: A Asambleira Xeral é o Órgano supremo de Goberno do Club, e estará integrada por tódolos seus socios de número.

Segundo: As Asambleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, ó menos, quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asambleá Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asambleá Xeral reunirase con carácter ordinario, polomenos, unha vez ó ano, para tratar das seguintes cuestións:

a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.

b) Presuposto para o exercicio seguinte.

c) Proxectos e propostas da Directiva.

d) Propositions que formulen os socios e que deberán ir firmadas, polo menos, polo quince por cento dos mesmos.

e) Rogos e preguntas.

2.- Deberá celebrarse Asambleá Xeral extraordinaria para a modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva, tomar diñeiro a préstamo, emisión de títulos representativos de deuda ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación das cuotas dos socios.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20.- O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º.- No Libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación.

Tamén se especificarán as datas de alta e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos Libros de Actas consignaránse as reunións que celebre a Asambleá Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas firmaranse, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º.- Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º.- Cada Sección deportiva acuparase de tódolo relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e supervisión da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEUDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º.- O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO" poderá emitir títulos de deuda ou de parte alícuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º.- 1.- Os Títulos inscribíranse nun Libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interés e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os títulos de deuda só poderán suscribirse polo asociados e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme a lexislación vixente.

Artigo 29º.- Os títulos de parte alícuota patrimonial serán, asimesmo, suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de deuda e parte alícuota patrimonial serán transferibles unicamente entre os que teñan a condición de - socios.

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artigo 31º.- Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorable dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguerá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos para a súa aprobación.

Artigo 32º.- O Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", extingúirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebrará a tal fin, cun mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º.- Disolto o Club de Fútbol "RACING SAN ROSENDO", o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, reverterá á colectividade, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e á Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.

-----oooOooo-----

Ferrol, 8 de Maio de 1.992.

